



**Á ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA**  
**AO PLENO DA CORPORACIÓN**

O Grupo Municipal da Marea Atlántica, a través da súa voceira, María García Gómez, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal do Concello da Coruña, presenta a seguinte **MOCIÓN** con motivo da celebración do día **oito de marzo, dia Internacional da Muller**.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Un dos consensos más fortes do noso tempo é que o avance das mulleres no último século foi extraordinario. As vitorias feministas modificaron patróns sociais que parecían inamovibles. Pero non por iso podemos deixar de prestar atención aos novos procesos de desigualdade producidos pola pandemia e polas políticas neoliberais.

As consecuencias que, para as mulleres, está a producir a crise sanitaria pódense concretar en dous ámbitos: por un lado o incremento do traballo gratuíto no ámbito doméstico, ao teren que asumir as mulleres o custo do cada vez menor investimento en gasto social por parte dos poderes públicos; e doutro lado, a precarización laboral, xa que a participación das mulleres no mercado de traballo vai asociada á perda de dereitos e a condicións cada vez más lamentables. O resultado: a maior feminización da pobreza.

Por iso, sumarse ás iniciativas do movemento feminista, para este 8 de marzo é imprescindible. Se algo puxo de manifesto a pandemia é a importancia de atender as necesidades das persoas como sostén da vida, de aí o lema escollido para este 2021: "Sen coidados non hai vida".

Cómpre recordar que o Estado español foi un dos países que máis políticas austericidas levou a cabo nas últimas décadas. Os enormes recortes implicaron un menor gasto social e unha redución nos servizos públicos vinculados ao benestar. Darles a volta, recuperar a sanidade, a educación e o benestar social debe ser unha prioridade. Non obstante, os coidados ao vincularse tradicionalmente ao ámbito privado, carecen de políticas públicas que se encarguen de elaborar unha resposta e será un reto a curto prazo ofrecer unha solución institucional.



O termo “crise de coidados” fai referencia, por unha banda ao desequilibrio existente entre a oferta e a demanda de coidados, ou mellor dito, entre a necesidade de coidados e a súa provisión. E por outra, ás desigualdades derivadas do reparto desigual dos coidados, sobre todo as de xénero, pero tamén as de renda, etnia ou as vinculadas coa orixe xeográfica das persoas (Pérez Orozco, 2006).

O obxectivo das políticas de Igualdade debe ser que homes e mulleres teñan os mesmos dereitos, as mesmas obrigas e as mesmas oportunidades en calquera orde da vida. Iso implica reorganizar a sociedade para que deixe de rexer o modelo patriarcal. A igualdade nunca será un feito se non se ten en conta que existen factores sociais, educativos, económicos e políticos que xogan en contra das mulleres desde o intre mesmo do seu nacemento. Os recursos económicos, culturais, emocionais, educativos, a dispoñibilidade de tempo libre e de ocio, a carga emocional dos coidados, os estereotipos sociais sobre capacidades, intereses e actitudes, a violencia e o acoso son ámbitos sociais que están a xogar en contra da calidade de vida das mulleres.

Durante o mandato 2015 / 2019, no que gobernou a Marea Atlántica, creouse unha concellaría específica de Igualdade, diferenciada do resto, para outorgarlle un peso relevante a estas políticas dentro da acción do governo. Foi moi o traballo desenvolvido nesta etapa na que se impulsou o Pacto social por unha cidade libre de violencias machistas, a Escola de Empoderamento Feminista, o Consello Local de Igualdade, a transversalidade de xénero na acción municipal, a ordenanza de igualdade, etc. É preciso darlle continuidade a este impulso na construcción dunha cidade feminista reforzando servizos que están a perder calidade, como os COF e o CIM, e iniciando as medidas oportunas para a aplicación da ordenanza de igualdade na diversidade.

As políticas públicas deben proporcionar o mesmo nivel de vida para todas as persoas independentemente do seu xénero. Non podemos permitir que as mulleres sexan, de novo, as más afectadas por esta crise.

Por todo o anterior, propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes acordos,



## ACORDOS

1.- Instar ao Goberno do Concello de A Coruña a:

- Recoñecer, colaborar e apoiar as mobilizacións e actividades convocadas polo movemento feminista para o día 8 de marzo.
- Dar cumprimento ás mociones acordadas no presente mandato por esta Corporación municipal en relación coas políticas municipais de igualdade.
- Dar cumprimento aos acordos municipais orzamentarios do ano 2020: creación da casa das mulleres “Marcela e Elisa”, Escola de Empoderamento Feminista, destinar o 1% do orzamento total do Concello da Coruña en investimento en políticas de igualdade de xénero, observatorio municipal de igualdade, etc.
- Creación dunha oficina de atención psicolóxica, nos diferentes centros cívicos e en colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, para as persoas coidadoras.

2.- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a:

- Dotar ás entidades locais de maiores fondos para que poidan reforzar as políticas de igualdade no ámbito municipal.
- Modificar o Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 148/2013, así como as súas ordes de desenvolvemento, eliminando aqueles apartados que implicaron un retroceso para as persoas dependentes e as súas coidadoras.
- Dar resposta e impulsar todas as medidas solicitadas pola Corporación do Concello da Coruña no actual mandato relacionadas coas políticas de igualdade.



3.- Instar ao Goberno do Estado español a:

- Incrementar os fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero transferidos á cidade da Coruña.
- Modificar a Lei Orgánica 1/2004, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, ampliando a propia definición de violencia de xénero, cumprindo o Convenio de Estambul ratificado polo Estado español no ano 2014.
- Dar resposta e impulsar todas as medidas solicitadas pola Corporación do Concello da Coruña no actual mandato relacionadas coas políticas de igualdade.

A Coruña, 15 de febreiro de 2021

**Maria García Gómez**

Voceira do Grupo Municipal da Marea Atlántica